

# Recreos activos

Debido á evolución “favorable” da Covid-19 imos empezar a realizar actividades deportivas programadas nos recreos, para todos aqueles/as que o desexen (é algo totalmente voluntario e non serán actividades avaliadas). Animámosvos a participar e así renovar un pouco a nosa enerxía, contrarrestando así as horas que pasamos sentados ao longo do día.

As actividades organizaranse nos recreos e cada día estará establecido para un curso. Si poderedes xogar cos das outras clases sempre e cando sexan do voso curso, é dicir, unha persoa de 1ª de ESO A poderá xogar no equipo con 1ªESO B e viceversa.

O calendario será o seguinte:

<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>
1ª ESO	2ª ESO	3ª ESO	4ª ESO

As actividades que vos propoñemos son:

- Semana do 3 ao 7 de maio: **ULTIMATE**
- Semana do 10 ao 14 de maio: **BALONCESTO**
- Semana do 24 ao 28 de maio: **BRILÉ**
- Semana do 31 ao Mayo al 4 de xuño: **ATRAPA A BANDEIRA**
- Semana do 7 ao 11 de xuño: **COLPBOL**
- Semana do 14 ao 18 de xuño: **FÚTBOL**

Se queres participar só terás que cumprir estas **normas básicas**:

1. CUMPRIR O HORARIO ESTABLECIDO.
2. DESINFECTARTE AS MANS TANTO AO ENTRAR COMO AO SAIR.
3. NON QUITAR A MÁSCARA E LEVALA BEN COLOCADA EN TODO MOMENTO.
4. TER UNHA ACTITUDE POSITIVA.
5. NON XERAR CONFLICTOS.
6. NON SE PODE ACUDIR COMO PÚBLICO, OU SE XOGA OU NON SE PODERÁ ESTAR NO PAVILLÓN.
7. SODES VOS MESMOS OS QUE TEDES QUE VOS ORGANIZAR, FACENDO POSIBLE A PARTICIPACIÓN DE TODOS/AS OS/AS INTERESADOS/AS.
8. SE ESE DÍA CHOVE QUEDA TOTALMENTE ANULADA A ACTIVIDADE.

Se non cumprides esas normas non se vos deixará xogar, ata que demostrades o contrario.

Como é unha actividade de carácter voluntario animámosvos a que participedes e pasedes un bo rato. A vosa saúde agradecerávoslo.

## **MENS SANA IN CORPORE SANA**